

5007 *ORDE PRE/696/2008, do 7 de marzo, pola que se inclúen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, as substancias activas dimetoato, dimetomorf, glufosinato, metribuzin, fosmet, propamocarb, beflubutamida, virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*, etoprofos, metil pirimifos e fipronil, así como no que respecta á expiración do prazo de inclusión das substancias activas azoxistrobin, imazalil, cresoxim metil, espiroxamina, azimsulfurón, prohexadiona cálcica e fluroxypir.* («BOE» 65, do 15-3-2008.)

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. Esa directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I deste real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 dese real decreto como a lista da substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, ditas ao abeiro das correspondentes normas comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2007/25/CE da Comisión, do 23 de abril, inclúense as substancias activas dimetoato, dimetomorf, glufosinato, metribuzin, fosmet e propamocarb, pola Directiva 2007/50/CE da Comisión, do 2 de agosto, inclúense as substancias activas beflubutamida e virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*, e pola Directiva 2007/52/CE da Comisión, do 16 de agosto, inclúense as substancias activas etoprofos, metil pirimifos e fipronil.

Pola súa vez, a Directiva 2007/21/CE da Comisión, do 10 de abril de 2007, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello no que respecta á expiración do prazo de inclusión no anexo I das substancias activas azoxistrobin, imazalil, cresoxim metil, espiroxamina, azimsulfurón, prohexadiona cálcica, establece as disposicións necesarias para a renovación da inclusión destas substancias activas.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen e renoven a súa inclusión no anexo I da Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na devandita directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2007/25/CE da Comisión, do 23 de abril, 2007/50/CE da Comisión, do 2 de agosto, 2007/52/CE da Comisión, do 16 de agosto e 2007/21/CE da Comisión, do 10 de abril, mediante a inclusión das

substancias activas dimetoato, dimetomorf, glufosinato, metribuzin, fosmet e propamocarb, beflubutamida e virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*, etoprofos, metil pirimifos e fipronil, e a renovación da inclusión das substancias activas azoxistrobin, imazalil, cresoxim metil, espiroxamina, azimsulfurón, prohexadiona cálcica e fluroxypir no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, e dítase de acordo coa disposición derradeira primeira deste.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu un informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ministro de Sanidade e Consumo e da ministra de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

Modifícase o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios da forma seguinte:

Un. Inclúense as seguintes substancias activas:

«Dimetoato, dimetomorf, glufosinato, metribuzin, fosmet, propamocarb, beflubutamida, virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*, etoprofos, metil pirimifos e fipronil.»

Dous. Renóvase a inclusión das seguintes substancias activas:

«Azoxistrobin, imazalil, cresoxim metil, espiroxamina, azimsulfurón, prohexadiona cálcica e fluroxypir.»

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión e renovacións establecidas no anexo desta orde, as autorizacións existentes e as provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión ou renovación, serán revisadas adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no citado anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo da Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberán realizarse adoptando e aplicando as correspondentes resolucións, antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos citados principios uniformes, que para cada unha das substancias activas se indican no anexo desta orde, tendo en conta ademais as condicións da versión final do correspondente informe de avaliación da Comisión

Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

3. No Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o número anterior, así como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo isto con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do devandito real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do establecido na disposición adicional única e do cumprimento dos prazos que para cada substancia activa e para cada fase figuran no anexo.

Madrid, 7 de marzo de 2008.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Inclusión das substancias activas no anexo I

Condições da inclusión da substancia activa Dimetoato.

Características:

Nome común: Dimetoato.

N.º CAS: 60-51-5.

N.º CIPAC: 59.

Nome químico: O,O-dimetil-S-(N-metil-carbamoil-metil) fosforo-ditoato; 2-dimetoxi-fosfinotioiltio-N-metilacetamida.

Pureza mínima da substancia: ≥ 950 g/kg.

Impurezas da substancia activa: ometoato: máx. 2 g/kg; isodimetoato: máx. 3 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24 de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Á protección das aves, os mamíferos, os organismos acuáticos e outros artrópodos non obxectivo, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Á exposición alimentaria dos consumidores.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves, os mamíferos e os artrópodos non obxectivo, así como para confirmar a avaliación toxicolóxica sobre metabolitos potencialmente presentes nas colleitas. Eses estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan dimetoato como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o dimetoato unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Dimetomorf

Características:

Nome común: Dimetomorf.

N.º CAS: 110488-70-5.

N.º CIPAC: 483.

Nome químico: (E,Z) 4-[3-(4-clorofenil)-3-(3,4-dimetoxifenil)-acrilóil] morfolina.

Pureza mínima da substancia: ≥ 965 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24 de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios e os traballadores, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Á protección das aves, os mamíferos e os organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan dimetomorf como única substancia activa, ou ben como unha das varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o dimetomorf unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Glufosinato.

Características:

Nome común: Glufosinato.

N.º CAS: 77182-82-2.

N.º CIPAC: 437.007.

Nome químico: amonio (DL)-homoalanina-4-il (metil)fosfinato.

Pureza mínima da substancia: ≥ 950 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan glufosinato para usos diferentes dos correspondentes ás plantacións de maceiras, prestarase especial atención aos criterios establecidos no artigo 15.3.b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, en particular no que respecta aos operarios e os consumidores, para o cal se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24 de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios, traballadores e transeúntes, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección.

Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en zonas con solos e/ou condicións climáticas vulnerables.

Á protección dos mamíferos e dos artrópodos e plantas non obxectivo, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para os mamíferos e os artrópodos non obxectivo nas plantacións de maceiras. Os devanditos estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan glufosinato como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o glufosinato unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Metribuzin.

Características:

Nome común: Metribuzin.

N.º CAS: 21087-64-9.

N.º CIPAC: 283.

Nome químico: 4-amino-6-tert-butil-3-metiltio-1,2,4-triazin-5(4H)-ona.

Pureza mínima da substancia: ≥ 910 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan metribuzin para outros usos que os correspondentes a herbicida selectivo de post-emerxencia nas patacas, prestarase especial atención aos criterios establecidos no artigo 15.3.b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, en particular no que respecta aos operarios e aos consumidores, para o cal se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24 de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das algas, as plantas acuáticas e as plantas non obxectivo fóra do campo tratado, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Á seguraza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións cando corresponda a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as augas subterráneas. Os devanditos estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan metribuzin como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metribuzin unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Fosmet.

Características:

Nome común: Fosmet.

N.º CAS: 732-11-6.

N.º CIPAC: 318.

Nome químico: O,O-dimetil S-ftalimido-metil fosfoditioato; N-(dimetoxifosfinotioil-tiometil) fatalimida.

Pureza mínima da substancia: ≥ 950 g/kg.
Impurezas da substancia activa: fosmet oxon: máx. 0,8 g/kg; iso fosmet: máx. 0,4 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida e acaricida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24 de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das aves, os mamíferos, os organismos acuáticos, as abellas e outros artrópodos non obxectivo, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, como zonas buffer e a redución da achega de escorremientos e verteduras ás augas de superficie.

Á seguraza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual e respiratoria adecuados.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves (risco grave) e os mamíferos herbívoros (risco a longo prazo). Tales estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan fosmet como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fosmet unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Propamocarb.

Características:

Nome común: Propamocarb.

N.º CAS: 24579-73-5.

N.º CIPAC: 399.

Nome químico: propil 3-(dimetilamino)-propilcarbato.

Pureza mínima da substancia: ≥ 920 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 24

de novembro de 2006, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios e dos traballadores, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección.

Á transferencia de residuos presentes no solo dos cultivos de rotación ou cultivos seguintes.

Á protección das augas superficiais ou subterráneas en zonas vulnerables.

Á protección das aves, os mamíferos e os organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan propamocarb para usos diferentes dos correspondentes a aplicacións foliares, prestarase especial atención aos criterios establecidos no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, polo que respecta á exposición dos traballadores, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan propamocarb como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o propamocarb unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Beflubutamida.

Características:

Nome común: Beflubutamida.

N.º CAS: 113614-08-7.

N.º CIPAC: 662.

Nome químico: (RS)-N-bencil-2-(4-fluoro-3-trifluorometilfenoxi)butanamida.

Pureza mínima da substancia: ≥ 970 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 15 de maio de 2007, deberase atender especialmente:

Á protección de organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de decembro de 2007 ao 30 de novembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de maio de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2009 para produtos que conteñan beflubutamida como única substancia activa, ou ben como unha das varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o beflubutamida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*.

Características:

Nome común: virus da poliedrose nuclear da *Spodoptera exigua*.

N.º CIPAC: sen asignar.

Nome químico: non aplicable.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 15 de maio de 2007.

Prazo da inclusión: do 1 de decembro de 2007 ao 30 de novembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de maio de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2009 para produtos que conteñan VPN *Spodoptera exigua* como única substancia activa, ou ben como unha das varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o VPN *Spodoptera exigua* unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Etoprofos.

Características:

Nome común: Etoprofos.

N.º CAS: 13194-48-4.

N.º CIPAC: 218.

Nome químico: ditiofosfato de O-etilo e S,S-dipropilo.

Pureza mínima da substancia: ≥ 940 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como nematicida e insecticida para a aplicación no solo, limitado aos usuarios profesionais.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan etoprofos para outros usos que as patacas non cultivadas para consumo humano ou animal, prestarase especial atención aos criterios establecidos no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión o 16 de marzo de 2007, deberase atender especialmente:

Aos residuos e avaliar a exposición alimentaria dos consumidores con vistas a revisar no futuro os límites máximos de residuos.

Á seguranza dos operarios: as condicións de uso autorizadas deberán exixir a utilización dos equipamentos de protección individual e protección respiratoria adecuados, e outras medidas de redución do risco, como o uso dun sistema pechado de transferencia para a distribución do produto.

Á protección das aves, os mamíferos, os organismos acuáticos e as augas superficiais e subterráneas en condicións vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, como zonas buffer, e a consecución da total incorporación dos gránulos ao solo.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación de risco a curto e longo prazo para as aves e os mamíferos que comen miñocas de terra. Estes estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan etoprofos como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o etoprofos unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Metilpirimifos.

Características:

Nome común: Metil-pirimifos.

N.º CAS: 29232-93-7.

N.º CIPAC: 239.

Nome químico: tiofosfato de O-(2-dietilamino-6-metilpirimidin-4-ilo) e O,O-dimetilo.

Pureza mínima da substancia: ≥ 880 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida para o almacenamento poscolleita.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan metil pirimifos para outros usos distintos das aplicacións con sistemas automatizados en almacéns de cereais baleiros, prestarase especial atención aos criterios establecidos no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 16 de marzo de 2007, deberase atender especialmente:

á seguraza dos operarios: as condicións de uso autorizadas deberán exixir a utilización de equipamentos de protección individual e protección respiratoria adecuados, e outras medidas de redución do risco para reducir a exposición.

á exposición alimentaria dos consumidores con vistas a revisar no futuro os límites máximos de residuos.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación da exposición dos operadores. Tales estudos facilitaranse á Administración no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan metil pirimifos como única substancia activa, ou ben como unha das varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que establece a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metil pirimifos unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Fipronil.

Características:

Nome común: Fipronil.

N.º CAS: 120068-37-3.

N.º CIPAC: 581.

Nome químico: (±)-5-amino-1-(2,6-dicloro-, -, -trifluoropara-tolil)-4-trifluorometilsulfinil-pirazol-3-carbonitrilo.

Pureza mínima da substancia: ≥ 950 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida para o tratamento de sementes. A aplicación nas sementes só se realizará en instalacións para o tratamento profesional de sementes. Esas instalacións deberán aplicar as mellores técnicas dispoñibles para asegurarse de que poida excluírse a formación de nubes de po durante a conservación, o transporte e a aplicación.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 16 de marzo de 2007, deberase atender especialmente:

Ao envasado dos produtos comercializados para evitar a xeración de produtos de fotodegradación perigosos.

Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas, especialmente polos metabolitos que son máis persistentes que o composto de orixe, cando a substancia activa se aplique en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables.

Á protección das aves granívoras e os mamíferos, os organismos acuáticos, os artrópodos non obxectivo e as abellas melíferas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Ao uso de equipamento adecuado que garanta un alto nivel de incorporación ao solo e a minimización de derrames durante a aplicación.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación de risco para as aves granívoras e os mamíferos, así como para as abellas melíferas, especialmente a cría de abellas. Tales estudos facilitaranse á Administración no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para produtos que conteñan fipronil como única substancia activa, ou ben como unha das varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para esa data, ou se é posterior, na data límite que establece a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fipronil unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Renovación da inclusión das substancias activas no anexo I.

Condicións da renovación de inclusión da substancia activa Imazalil.

Características:

Nome común: Imazalil.

N.º CAS: 73790-28-0,35554-44-0.

N.º CIPAC: 335.

Nome químico: (+)-1-(β -aliloxi-2,4-diclorofeniletil)imidazol o (+)-alil 1-(2,4-diclorofenil)-2-imidazol-1-iletal éter.

Pureza mínima da substancia: ≥ 975 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

As utilizacións que figuran a continuación someteranse ás condicións particulares indicadas:

Os tratamentos despois da colleita de froitas, hortalizas e patacas poderán autorizarse só se se dispón dun sistema adecuado de descontaminación ou se, mediante unha avaliación do risco, se demostrou que a vertedura da solución de tratamento non implica un risco inaceptable para o ambiente e, en especial, para os organismos acuáticos.

Os tratamentos despois da colleita de patacas poderán autorizarse só se, mediante unha avaliación do risco, se demostrou que a vertedura dos residuos de tratamentos procedentes das patacas tratadas non

implica un risco inaceptable para os organismos acuáticos.

As utilizacións foliares ao aire libre poderán autorizarse só se, mediante unha avaliación do risco, se demostrou que a utilización non ten ningún efecto inaceptable sobre a saúde humana ou animal nin sobre o ambiente.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de xaneiro de 1999 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Azoxistrobin.

Características:

Nome común: Azoxistrobin.

N.º CAS: 131860-33-8.

N.º CIPAC: 571.

Nome químico: (E)-2-2[6-(2-cianofenoxi) pirimidin-4-iloxi] fenil -3-metoxiacrilato de metilo.

Pureza mínima da substancia: ≥ 930 g/kg (max. isómero Z 25 g/kg).

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Nas decisións conforme os principios uniformes, deberase atender especialmente á incidencia sobre organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de xullo de 1998 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Cresoxim-metil.

Características:

Nome común: Cresoxim-metil.

N.º CAS: 143390-89-0.

N.º CIPAC: 568.

Nome químico: (E)-2-metoxiimino-2-[2-(o-toliloxi-metil) fenil] acetato de metilo.

Pureza mínima da substancia: ≥ 910 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Nas decisións conforme os principios uniformes, deberase atender especialmente á protección das augas subterráneas en situacións vulnerables.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de febreiro de 1999 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Espiroxamina.

Características:

Nome común: Espiroxamina.

N.º CAS: 1181134-30-8.

N.º CIPAC: 572.

Nome químico: (8-tert-butil-1,4-dioxaspiro[4.5]decan-2-ilmetil)-etilpropilamina.

Pureza mínima da substancia: ≥ 940 g/kg (diastereoisómeros A e B combinados).

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Nas decisións conforme os principios uniformes, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas adecuadas de protección.

Á incidencia sobre os organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de setembro de 1999 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Azimsulfurón.

Características:

Nome común: Azimsulfurón.

N.º CAS: 120162-55-2.

N.º CIPAC: 584.

Nome químico: 1-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-3-[1-metil-4-(22-metil-2H-tetrazol-5-il)-pirazol-5-il-sulfonil]-urea.

Pureza mínima da substancia: 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Non poderán autorizarse aplicacións aéreas.

Nas decisións conforme os principios uniformes, deberase atender especialmente á incidencia sobre os organismos acuáticos e as plantas terrestres non obxectivo, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco (por exemplo nos arrozais, períodos mínimos de retención da auga antes da súa vertedura).

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de outubro de 1999 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Fluroxypir.

Características:

Nome común: Fluroxypir.

N.º CAS: 69377-81-7.

N.º CIPAC: 431.

Nome químico: ácido 4-amino-3,5-dicloro-6-fluoro-2-piridiloxiacético.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Nas decisións conforme os principios uniformes, deberase atender especialmente:

Á información adicional solicitada no punto 7 do informe de revisión do 30 de novembro de 1999.

Á protección das augas subterráneas.

Á incidencia sobre os organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de decembro de 2000 ao 31 de decembro de 2011.

Condicións da renovación da inclusión da substancia activa Prohexadiona cálcica.

Características:

Nome común: Prohexadiona cálcica.

N.º CAS: 127277-53-6.

N.º CIPAC: 567.

Nome químico: 3,5-dioxo-4-propionil ciclohexano-carboxilato de calcio.

Pureza mínima da substancia: 890 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Prazo de renovación da inclusión: do 1 de outubro de 2000 ao 31 de decembro de 2011.